

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DA ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Acordo número 9/769 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 14 de outubro de 2009, polo que se declara deserto o procedemento convocado para a contratación dun concerto para a prestación do servizo municipal de sacrificio de gando no Concello de Lugo.

II. Prego de condicións técnicas para a contratación da xestión e explotación do matadoiro municipal de Lugo, redactado pola mercantil INDUTEC INGENIEROS S.L.

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da xestión do matadoiro municipal do Concello de Lugo, redactado polo servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

- Regulamento de servizos das corporacións locais (RSCL).
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Excmo Concello de Lugo acordou en sesión plenaria celebrada o día 24 de febreiro de 1989 a aprobación da xestión indirecta do servizo de matadeiro municipal. Trala tramitación legal do correspondente expediente de contratación, o Concello Pleno acordou, en sesión celebrada o día 28 de decembro de 1989 a adxudicación da concesión da explotación do novo matadeiro municipal, á mercantil FRIMIÑO, S.L., por un prazo de 25 anos. A empresa FRIMIÑO S.L xestiona polo tanto, dende decembro de 1989 e por un prazo de 25 anos, o servizo municipal de matadeiro, de acordo co contrato de concesión administrativa formalizado, o prego de condicións aprobado polo Concello e aceptado pola empresa e nas condicións ofertadas na proposición presentada no seu día. Durante todo este período foron apreciados unha serie de incumprimentos contractuais por parte da empresa concesionaria que levaron ó Concello a iniciar en agosto de 2008 un expediente para a resolución do contrato coa citada mercantil que se atopa actualmente en trámite. Paralelamente o Concello de Lugo encargou á mercantil INDUTEC INGENIEROS S.L un estudio técnico sobre diversos aspectos relativos ó matadoiro municipal. Do resultado dese estudio pódese chegar á conclusión da inviabilidade tanto técnica como económica do servizo público de matadoiro municipal tal e como ven sendo xestionado na actualidade. Nembargantes, e tras diversas reunións con usuarios do sector cárnico da cidade, os responsables municipais chegaron a conclusión da necesidade de manter un servizo municipal para o sacrificio de gando, razón polo cal se propuxo o inicio dun expediente para contratar a xestión deste servizo público a través da fórmula do concerto. O procedemento sinalado foi declarado deserto ó non existir ningunha proposición que cumprise as condicións establecidas polo Concello que garantisen a correcta prestación do servizo así como o mantemento dos traballadores que prestan os seus servizos no actual matadoiro. Proponse agora a apertura dun procedemento para a contratación da xestión e explotación do matadoiro municipal como último intento para continuar a prestación deste servizo por parte do Concello, coa obriga por parte do concesionario da realización das obras de adecuación necesarias para o correcto e legal funcionamento das instalacións.

Segunda. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de xestión de servizo público, que aparece definido no artigo 8 da LCSP como “aquel polo

que unha Administración Pública encomenda a unha persoa natural ou xurídica a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración encomendante”. Aparece regulado na LCSP nos artigos 116, 117 e 251 e seguintes da LCSP. O obxecto do presente contrato é a xestión e explotación do matadoiro municipal, concretamente na súa modalidade de concesión, pola que o empresario adxudicatario xestionará o servizo ó seu propio risco e ventura.

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.4 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determinanse os criterios de valoración das ofertas, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndellen as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar a CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO

Segundo. Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, do seguinte teor literal:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a concesión da xestión do matadoiro municipal do Concello de Lugo, que incluírá a realización das obras necesarias para a adecuación do matadoiro á regulamentación actual na materia, todo elo segundo as prescricións técnicas e o estudo básico de obras elaboradas pola mercantil INDUTEC S.A. para o Concello.

O presente contrato contén a seguinte codificación segundo a nomenclatura

CNAE 2009: 10.1 Procesado y conservación de carne y elaboración de productos cárnicos

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de xestión de servizo público, recollido e regulado nos artigos 8, 116, 117 e 251 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e concretamente na súa modalidade de concesión polo que o empresario xestionará o servizo ó seu risco e ventura segundo o disposto no artigo 253.a) do mesmo texto legal.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración deste contrato é de VINTE E CINCO ANOS contados dende a data da acta de inicio de prestación de servizo, que deberá ser asinada nun prazo máximo de UN MES dende a formalización do contrato administrativo. O contrato non poderá ser obxecto de prórroga..

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1. A retribución do contratista consistirá unicamente na recadación obtida dos usuarios pola prestación do servizo, aplicando as tarifas ofertadas polo adxudicatario e aprobadas polo Concello de Lugo.

O contratista adxudicatario deberá presentar un informe de liquidación trimestral ante o Concello de Lugo no que conste o número de reses sacrificadas, kg/canal e ingresos obtidos.

2. As obras de adecuación necesarias -que teñen un valor orientativo na memoria técnica municipal incorporada de 318.00 €- serán por conta do adxudicatario quen, en compensación, disporá dun período de carencia no abono do canon anual que se especifica no punto seguinte. Este período de carencia prolongarase polo tempo necesario ata que a suma dos canons sen aboar compense o importe das obras de adecuación contempladas na súa oferta, sempre cun límite de vinte

e cinco anos, de xeito que se o importe desas obras ofertadas supuxese un período de carencia superior, o Concello non aboará a diferenza restante.

3. Cálculo do canon anual. O canon inicial para o primeiro ano será de 18.000 euros. Este canon revisarase anualmente aplicando a fórmula:

$$C_n = C_{n-1} * (1 + K_n)$$

Onde:

C_n : Canon para o ano n

C_{n-1} : Canon para o ano precedente

K_n : $0,85 * IPC_{n-1}$

IPC_{n-1} : Variación interanual do Índice de Prezos ó Consumo do ano precedente en tanto por uno.

O adxudicatario non aboará os importes do canon inicial nin dos seguintes, mentres que a suma acumulada dos canons anuais non compense o importe das obras de adecuación ofertadas. Unha vez compensado tal importe, estará obrigado a aboar o que reste do canon do ano no que se produza a compensación e o dos seguintes ata a finalización do contrato.

Igualmente, se antes da finalización do contrato, o contratista adxudicatario tivese que realizar novas obras ou inversións no matadoiro municipal derivadas do cumprimento da normativa legal sobrevida, o importe desas obras ou inversións – que deberán ser aprobadas polo Concello – teranse en conta á hora de ampliar o período de carencia sinalado anteriormente. Se o importe destas inversións supuxese un período de carencia superior ós vinte e cinco anos (duración máxima do contrato), o Concello aboará a cantidade restante.

4. Non procederá a revisión de prezos do contrato durante o primeiro ano tralo comezo da prestación do servizo. Nas restantes anualidades e no caso de prórroga, as tarifas e o canon poderán revisarse de acordo co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado, todo isto de conformidade cos artigos 77 e seguintes da LCSP.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursoas en prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuira a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medís de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.

- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

SÉTIMA. GARANTÍAS

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir da notificación da adxudicación provisional. De non se cumprir este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, e será de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)
O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en tres sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A - Documentación administrativa, B - Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente e C- Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente,

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastanteado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados para o efecto. Para isto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto sobre actividades económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.
- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:
 - Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.
 - Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.
 - Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado B, Proposta técnica relativa ós criterios de adxudicación non avaliados automaticamente, conterá toda a documentación técnica necesaria para a valoración das proposicións ofertadas, de acordo cos criterios non valorados automaticamente que se indican na **cláusula décimo segunda** deste prego (**melloras e plan de xestión de persoal**).

O sobre denominado C, Proposición económica e relativa a criterios avaliados automaticamente, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.**

b) Propón unha inversión nas obras de adecuación do matadoiro de euros e as seguintes tarifas de maquila para a prestación do servizo de matadoiro:

Vacún/equino: €/kg (sen IVE)

Porcino: €/kg (sen IVE)

Ovino/Caprino: €/kg (sen IVE)

- As obras de inversión necesarias e esixibles ascenden á cantidade de euros.
- As novas obras de inversión propostas ascenden á cantidade de euros.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

VOCAIS:

- A Concelleira delegada da Área de Servizos Xerais.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os **criterios de valoración** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

1. TARIFAS (Ata 65 puntos).

Obterá a máxima puntuación neste apartado o licitador que oferte as menores tarifas. Obterán 0 puntos os licitadores que oferten as tarifas máximas sinaladas no prego de prescricións técnicas e as restantes valoraranse proporcionalmente. A puntuación repartirase do seguinte xeito:

- Vacuno/equino: ata 45 puntos.
- Porcino: ata 10 puntos
- Ovino/caprino: ata 10 puntos.

2. MELLORAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO (Ata 20 puntos).

Valoraranse neste apartado as melloras propostas polos licitadores na prestación do servizo. Estas melloras propostas deberán estar avaliadas economicamente, obtendo a máxima puntuación (20 puntos) a proposición que conteña as melloras mais importantes dende o punto de vista económico. Obterán 0 puntos as proposicións que non conteñan melloras na prestación do servizo ou estas non estean avaliadas economicamente e as restantes proposicións valoraranse proporcionalmente.

3. PLAN DE XESTIÓN DO PERSOAL (Ata 10 puntos).

Valorarase neste apartado o plan de xestión do persoal adscrito á execución do contrato proposto pola empresa. Teranse en conta as consideracións ou melloras de tipo social propostas pola empresa, que teñan algunha das seguintes finalidades:

- a garantía ou mellora dos dereitos laborais dos traballadores, tanto económicos como doutro tipo (ata 6 puntos) que fomente unha maior produtividade e rendemento do persoal de xeito que redunde nunha maior calidade do servizo.
- medidas de conciliación da vida laboral e familiar (ata 2 puntos)
- o favorecemento da formación do persoal (ata 2 puntos). Valorarase a organización con cargo á empresa de actividades de formación, para o cal indicará o obxectivo do curso e o número de horas. Darase a maior puntuación ós que oferten maior número de horas, 0 as que non oferten plan de formación e as demais de modo proporcional.

A puntuación neste apartado realizarase tendo en conta comparativamente as propostas de todas as empresas licitadoras.

4. OBRAS DE ADECUACIÓN DO MATADOIRO (Ata 5 puntos)

Valorarase neste apartado as obras de inversión no matadoiro municipal, tendo en conta a suma de dous aspectos:

1. Baixa nas obras de adecuación necesarias e esixibles (valor orientativo de 318.000 euros.
2. Importe das novas obras de inversión a maiores propostas na súa oferta

Obterá a máxima puntuación a oferta economicamente mais vantaxosa para o Concello, o puntos a menor e as restantes de xeito proporcional.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

A adxudicación recaerá sobre a proposta que resulte economicamene máis vantaxosa. Poderá declararse deserta a licitación cando non exista oferta ningunha que sexa admisible de acordo cos criterios de adxudicación que figuran nos pregos.

2.- No prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva.

3.- A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 135.4 da LCSP.

4.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

5. A adxudicación definitiva deste contrato quedará condicionada á resolución definitiva do contrato administrativo coa actual empresa concesionaria da explotación do matadoiro municipal de Lugo, **podendo quedar resolto o contrato sen consecuencias indemnizatorias para ningunha das partes en caso de non se producir tal resolución.**

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, e será ó seu cargo os correspondentes gastos.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios de licitación e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato designado polo Concello de Lugo, o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

Con carácter previo ó inicio do contrato, o Concello determinará o xeito de acreditar a residencia no Concello de Lugo dos usuarios a efectos de serenlles aplicadas as tarifas deste contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 258 da LCSP.

En particular, non se considerará en ningún caso modificación do contrato que poida dar orixe a un desequilibrio económico, o sacrificio dun número de reses inferior ó estimado no estudio técnico e no prego de prescricións técnicas.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

5. Nun prazo de tres meses dende a formalización do contrato administrativo, o adxudicatario deberá presentar ó Concello o proxecto técnico para a realización das obras de adecuación do matadoiro coa finalidade da súa aprobación polo órgano de contratación. Unha vez aprobado o proxecto técnico, o prazo máximo para a realización das obras serán de UN ANO, sen perxuízo da ampliación deste prazo en función das obras a realizar e sempre coa debida xustificación aprobada polo Concello.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (600 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sigilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante

DÉCIMO OITAVA. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.

O Concello terá, en todo caso, as seguintes potestades en relación á execución do servizo:

- Marcar as directrices de organización e xestión do servizo.
- Ordenar as modificacións na realización do servizo que o interese público aconselle e que lle serán comunicadas con antelación suficiente á/ás entidade/s adxudicataria/s, así como establecer os indicadores e requisitos de calidade que terá que cumprir a empresa adxudicataria.
- Fiscalizar a xestión do servizo, inspeccionando as tarefas que estean a desenvolver para comprobar se son acordes coas indicacións dadas, pedir canta información sexa necesaria e dar as ordes oportunas para manter e restablecer a debida calidade da realización do servizo.

Serán obrigas xerais do contratista, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego e no de prescricións técnicos, as seguintes:

- Asumir a xestión do servizo con obxectivos claros de ofrecer un servizo público de calidade, que require unha permanente disposición organizativa, unha ampla flexibilidade e adaptación ás distintas situacións que poidan xurdir.
- Cumprir as ordes do Concello dadas polo responsable do contrato así como das modificacións na atención do servizo obxecto do presente contrato.
- Obter tódalas autorizacións que sexan necesarias en cada momento para realización dos servizos obxecto do contrato, en especial as autorizacións en materia hixiénico-sanitaria.
- Contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atender o servizo obxecto de contrato, asumindo tódalos custos derivadas da relación de dependencia do persoal, así como tódalas responsabilidades, tanto na execución do servizo como en materia de persoal, que en ningún caso se considerará como persoal do Concello, acreditándose o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral de aplicación ó servizo vixente en cada momento.

- Prohibirles ós seus traballadores aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte dos usuarios. A empresa serán responsables do seu cumprimento, e deberán informar ó Concello de calquera situación desta natureza que se produza.
- A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzcan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da empresa as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a el ou persoal ó seu servizo.
- A empresa adxudicataria será responsable do pagamento ó seu cargo dos gastos de electricidade, auga, gas, calefacción e calquera outro necesario para o correcto funcionamento do matadoiro municipal.
- O contratista adxudicatario deberá presentar un informe de liquidación trimestral ante o Concello de Lugo no que conste o número de reses sacrificadas, kg/canal e ingresos obtidos.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo polos importes que se sinalan no **prego de prescripcións técnicas**.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

Coa fin de manter a estabilidade do persoal no emprego, acadar a profesionalización do sector e evitar, na medida do posible, a proliferación de contenciosos á empresa que resulte adxudicataria do contrato, subrogarse nos dereitos e deberes que tivera recoñecidos a entidade que actualmente xestiona o matadoiro municipal, polo que **os/as traballadores/as adscritos á empresa que xestiona o matadoiro municipal necesarios para a prestación do servizo, pasarán a estar adscritos á empresa que resulte adxudicataria do presente contrato. A relación de profesionais actuais da empresa concesionaria encóntrase a disposición dos licitadores no servizo municipal de contratación, patrimonio e fomento (Ronda da Muralla, 197, 3ª planta, 27001 Lugo)**

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

VIXÉSIMA. RÉXIME SANCIONADOR

O Concello poderá esixir responsabilidade ó contratista pola infracción dos seus deberes con independencia do procedente respecto á extinción do contrato. As infraccións se clasifican en leves, graves e moi graves.

Faltas Leves:

- a) Descuido no cumprimento das obrigas derivadas do contrato.
- b) Desobediencia leve das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.
- c) En xeral, o incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descuido excusable.
- d) Tódalas demais infraccións que non sexan graves ou moi graves.

Faltas graves:

- a) O trato incorrecto dos empregados da empresa cos usuarios.
- b) A falsidade ou falsificación dos servizos.

c) Desobediencia grave das ordes que emanan da dirección do Servizo que se dicten para a eficaz e normal prestación do mesmo.

d) Incumprimento grave das obrigas sinaladas nas cláusulas deste prego e no de prescricións técnicas.

Faltas moi graves:

a) O abandono do servizo e a negligencia ou descuido continuado na prestación do mesmo.

b) A prestación incorrecta e defectuosa do servizo.

c) A negativa infundada a realizar os servizos ou tarefas ordenados por escrito polos técnicos municipais ou persoas responsables, sempre que esta sexa unha actitude directamente imputable á empresa ou ós seus directivos responsables.

d) Cualquera conducta constitutiva de delito, especialmente as coaccions e roubo ós usuarios do servizo.

e) As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio ós usuarios.

f) O incumprimento moi grave das obrigas sinaladas nas cláusulas deste prego e no de prescricións técnicas.

As sancións que se poderán impoñer ó contratista como resultado do expediente sancionador instruído a tal efecto serán as seguintes:

a) No caso de faltas leves; multa ata 300 euros

b) No caso de faltas graves; multa de 301 a 900 euros.

c) No caso de faltas moi graves; multa de 901 a 1800 euros ou resolución do contrato.

A imposición de sancions requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador. No dito procedemento darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 262 e seguintes da LCSP, así como polo

incumprimento moi grave por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nos pregos de condicións técnicas e cláusulas administrativas deste contrato

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 264 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º ☐ CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	

ESPECIALIDADES CONTRATADAS:	
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:	

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º ☐ COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

*** Xuntar a acta de Constitución.**

3º ☐ TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

FIRMA:

DATA:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO MATADOIRO MUNICIPAL

1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do contrato a concesión administrativa dá xestión e explotación do servizo do Matadoiro Municipal de Lugo. A estes fins porase a disposición do adxudicatario as construcións, instalacións e equipos cos que conta na actualidade o Matadoiro Municipal, situado en San Xan de Pena, termo municipal de Lugo. O servizo a prestar consistirá na estabulación, sacrificio, faenado de canles de, polo menos, as tres liñas de matanza (bovino e equino, ovino/caprino e porcino), e o seu almacenamento, así como tamén cando proceda, a elaboración e/ou comercialización de subprodutos: despoxos, peles, coiros, etc.

A prestación dos servizos obxecto da concesión realizaranse en réxime de libre concorrncia con outros matadoiros, públicos ou privados, legalmente autorizados.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO E OPCIÓN DE COMPRA

O contrato da xestión e explotación do servizo do Matadoiro Municipal, na súa modalidade de concesión administrativa, terá unha duración de 18 anos prorrogables ata 25 anos, contados desde a formalización do contrato.

3.- OBRIGACIONS DO CONCESIONARIO

A) EN RELACIÓN CO SERVIZO DO MATADOIRO

- 1) O concesionario virá obrigado ao estrito cumprimento das normas que regulen o control sanitario, ambiental e de seguridade laboral de todas-las instalacións do Matadoiro Municipal, ditadas polo Concello, Comunidade Autónoma, Estado ou Comunidade Europea. Entre outras:
 - R.D. 147/1993, de 29 de xaneiro, e modificación do mesmo en R.D. 315/1996, de 23 de febreiro
 - R.D. 1904/1993, de 29 de outubro e Orde de 25 de setembro de 1997 pola que se actualizan os anexos do R.D. anterior
 - R.D. 54/1995, de 20 de xaneiro, e modificación en R.D. 731/2007, de 8 de xuño.
- 2) Dado o carácter Municipal e de servizo Público do Matadoiro, ao concesionario obrigase a garantir o sacrificio e faenado, xa sexa de bovino, ovino, caprino ou porcino, aos gandeiros (entradores ou carniceiros) que se encontren situados no Municipio de Lugo e a zona de influencia.
- 3) Serán a cargo do contratista concesionario os gastos que se orixinen como consecuencia da explotación do servizo, incluído ou subministración de enerxía eléctrica, de auga, recollida de lixo, rede de sumidoiros, etc.
- 4) O concesionario deberá prestar o servizo, polo menos, de luns a venres en horario suficientemente amplo que permita unha racional prestación do servizo, sempre consensuado co Servizo de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.
- 5) O contratista queda obrigado a prestar directamente o servizo, sen que poida cedelo nin concertalo con terceiros, en todo ou en parte, sen a previa e expresa autorización do Concello.

- 6) O Concello de Lugo controlará e fiscalizará a xestión do concesionario, ditando as instrucións que sexan precisas para a normal e eficaz prestación do servizo. Para ese efecto o concesionario estará obrigado a facilitar a documentación económico - financeira, en especial o referente ao expresado en Quilo das canles sacrificadas. O Concello poderá, así mesmo, inspeccionar as instalacións, locais, vehículos, persoal e materiais, así como toda-la documentación administrativa relativa á concesión en si.
- 7) O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que se produzan a terceiros, ao Concello ou ao persoal do mesmo, como consecuencia da prestación do servizo, sendo ao seu cargo o pago das indemnizacións que por iso se deriven, incluída a responsabilidade subsidiaria do Concello. A tales efectos o concesionario deberá subscribir póliza de seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 250.340 euros, e doutra que cubra o edificio e as súas instalacións cunha valoración mínima de 250.340 euros para o continente e de 425.000 euros para o contido, entregando copias á Administración no prazo de 15 días a partir da data de subscrición do contrato e sempre antes da iniciación da explotación do servizo.
- 8) O concesionario está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, cuio incumprimento non implicará responsabilidade algunha para o Concello.

B) EN RELACIÓN COA LIMPEZA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.

- 1) Toda-las instalacións do Matadoiro Municipal de Lugo haberá de manterse nas debidas condicións de limpeza e hixiene utilizando para iso o persoal e materiais que resulte necesarios e realizando cantas prestacións foren necesarias para manter as instalacións nas condicións hixiénico-sanitarias esixidas pola lexislación.
- 2) Toda-las obras e melloras que durante a vixencia da concesión realícense no inmovible ou nas instalacións polo adxudicatario serán por conta do mesmo e quedarán a beneficio do Concello de Lugo. Non será así cos bens mobles, que o concesionario poderá retirar fóra da maquinaria que puidese haberse instalado substituíndo total ou parcialmente á existente propiedade do Concello, que quedará a beneficio do Concello de Lugo. Tamén serán por conta do concesionario toda-las inversións que resulten necesarias para o adecuado funcionamento do servizo, tanto no edificio e instalacións (maquinaria) como na leira circundante, incluídas as de

saneamento e depuración, as cales poderán ser ordenadas por propia iniciativa do Concello, ou da U.E. sempre dándolle audiencia ao concesionario.

- 3) A retirada dos residuos e desperdicios, que non constitúan materiais específicos de risco (MER), deberá efectuarse ben directamente ou ben mediante contrato con empresa, previa comunicación ao Concello das condicións nas que se prestará este servizo.
- 4) A retirada e eliminación das carnes comisadas e dos materiais específicos de risco realizarase segundo as prescricións técnicas establecidas pola Comunidade Europea, Estado e Comunidade Autónoma, non asumindo o Concello ningunha obrigaón respecto dos tributos que se establezan por este concepto, que deberá asumir a empresa concesionaria da explotación se a normativa autonómica impuxese esta obrigaón á Administración municipal.

C) EN RELACIÓN CO PERSOAL

- 1) O concesionario terá a obrigaón de asumir por subrogación na relación laboral a todo o persoal contratado con carácter indefinido do persoal de traballadores do matadoiro, fóra dos traballadores de alta dirección, que estivesen a prestar servizos e o seu posto figurase na relación de traballadores achegada polo Concello.
- 2) Será obrigaón do concesionario a contratación do persoal necesario para as actividades que se desenvolvan no Matadoiro (estabulación, sacrificio, faenado, carga, etc), someténdose en toda-las obrigaóns ao cumprimento das disposicións en materia de dereito laboral, non tendo este ningunha relación contractual co Concello de Lugo.
- 3) A empresa concesionaria será responsable de todo o persoal laboral que contrate, quedando obrigada a cumprir a lexislación que regule as relacións laborais, as da Seguridade Social, as de Seguridade e Hixiene no Traballo e a Lei de prevención de riscos laborais.
- 4) O persoal que o concesionario adscriba e preste servizos no Matadoiro deberá ir uniformado e contar co regulamentario curso de manipulador de alimentos, con acreditación de realización do mesmo, cualificación, duración e programación do curso, ademais de cumprir con toda-las normas de hixiene alimentaria e demais específicas do transporte e manipulación de produtos cárnicos.

D) EN RELACIÓN COS USUARIOS DO MATADOIRO

O concesionario, en relación cos usuarios do servizo, deberá:

- 1) Coidar as relacións cos usuarios dos servizos prestados nas instalacións do Matadoiro Municipal, admitindo ao goce do servizo a toda persoa que cumpra os requisitos esixidos legalmente.
- 2) Cobrar o importe das tarifas propostas na oferta, e aprobadas polo Concello pola prestación dos servizos e, no seu caso, as establecidas pola Comunidade Autónoma para retirada e eliminación dos MER e reses ou carnes comisadas.
- 3) Levar un libro de reclamacións a disposición dos usuarios, dando conta das queixas, observacións ou reclamacións anotadas no mesmo ao Concello.
- 4) Indemnizar aos usuarios polos danos causados con motivo da explotación do servizo.

E) EN RELACIÓN COA SUA SOLVENCIA ECONÓMICA

O concesionario deberá achegar documentación suficiente para acreditar a súa solvencia económica, que como mínimo inclúa balance e contas de resultados dos tres últimos anos da súa actividade.

4.- TARIFAS

As tarifas que o concesionario haberá de percibir dos usuarios do Matadoiro Municipal serán as ofertadas polo mesmo, e aceptadas polo Concello na adxudicación do contrato, as cales terán carácter de máximas, sen prexuízo de posteriores revisións realizadas de acordo co incremento do IPC, previa solicitude do concesionario e aprobación expresa do Concello de Lugo.

De modo indicativo desglósanse a continuación os custos de sacrificio por especie, baseados nos datos do Matadoiro Municipal, considerando o número de reses sacrificadas nos últimos 4 anos. Tense en conta, o cadro de persoal medio e os custos máis relevantes dos que se dispoñen datos. En aqueles apartados dos que non existe información, empréganse importes medios de matadoiros similares.

Neste desglose non se indican os custes de transporte.

Man de obra	0,150	€/kg
Electricidade	0,015	€/kg
Auga e saneamento	0,030	€/kg
Mantemento	0,002	€/kg
Combustible	0,020	€/kg
Material auxiliar	0,008	€/kg
Amortización	0,019	€/kg
Outros	0,006	€/kg
TOTAL	0,25	€/kg

Aténdose ás cifras anteriores, as tarifas de maquila máxima a ofertar, estimadas por especie serían as seguintes:

Vacún / Equino	0,25	€/kg
Porcino	0,20	€/kg
Ovino/Caprino	7,00	€/cabeza

5.- CANON

O canon mínimo que haberá de satisfacer o concesionario á Corporación será ofertado en proposta anual, non podendo ser inferior a 18.000,00 Euros. Devandito canon, resultante da adxudicación, aboarase en cotas anuais polo adxudicatario, no primeiro trimestre do ano seguinte.

6.- INVERSIÓN

O concesionario deberá garantir durante a vixencia da concesión as inversións necesarias para o correcto mantemento do matadoiro, no concernente a sanidade animal, saúde pública, medio ambiente e seguridade laboral. O concesionario presentará para ese efecto un proxecto ou unha memoria valorada na que consten as obras que vai realizar a cal será informada e valorada polos técnicos municipais, podendo a Administración municipal modificar o obxecto das obras tendo en conta as necesidades e prioridades do mercado. A aprobación do proxecto, e no seu caso, das modificacións nel introducidas corresponderá á Comisión de Goberno e implica a licenza municipal para a execución das obras. Como mínimo as actuacións a realizar deben ser as recollidas no ESTUDIO BÁSICO PARA ADECUACIÓN DE MATADERO MUNICIPAL DE LUGO, redactado por INDUTEC INGENIEROS, S.L.”

Terceiro. Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, 14 de outubro de 2009

A TÉCNICO DO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

CONFORME, A CONCELLEIRA
DELEGADA DA ÁREA

Asdo: Sonia Méndez García